

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2023/D004/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2023/G003/000044

ASUNTO: BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2023

D. Luís Lisardo Santos Ares, alcalde-presidente do Concello de Sobrado (A Coruña),

ANTECEDENTES

Á vista do éxito que obtivo en pasadas edicións e debido ao interese cultural que ten a celebración do Entroido no noso concello, convócase como en anos anteriores o concurso de disfraces.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente,
RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces do Entroido2023 con motivo da celebración do Entroido.

Segundo: Publicar as presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado, na súa páxina web e nas redes sociais.

Mandoao e asinao, o sr alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, con secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde

A secretaria-interventora

Luís Lisardo Santos Ares
Sánchez

Alejandro D. Fandiño

ANEXO

“BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2023”

As bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces Entroido Sobrado 2023 son as seguintes:

PRIMEIRA:

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.

SEGUNDA:

O concurso terá lugar en Praza Portal. O concello poderá trasladar a outro lugar o concurso de disfraces en caso de inclemencias meteorolóxicas.

TERCEIRA:

O Concurso de Disfraces Sobrado 2023 terá lugar o domingo día 19 de febreiro ás 17:00 horas rematando ás 20:00 horas.

CUARTA:

Quedan establecidas dúas categorías:

1ª categoría: categoría individual infantil (ata os catorce anos inclusive).

2ª categoría: categoría de comparsas, que deberán estar formadas por un mínimo de catro membros, de todas as idades.

QUINTA:

O prazo de inscrición comprenderá dende o día 10 de febreiro ata as 17:00 horas do domingo día 19 de febreiro, nas oficinas da Casa do Concello ou no teléfono (981)787508 e senon o mesmo día do concurso.

SEXTA:

PREMIOS

1ª CATEGORÍA (INDIVIDUAL-INFANTIL)

1º CLASIFICADO..... 100€

2º CLASIFICADO..... 50€

3º CLASIFICADO..... 25€

2ª CATEGORÍA (COMPARSAS)

1º CLASIFICADO..... 300€

2º CLASIFICADO..... 200€

3º CLASIFICADO..... 100€

SÉTIMA:

O xurado nomeado a tal efecto será o encargado de outorgalos premios e estará composto por:

-1 membro da Corporación Municipal.

-2 persoas do público.

-2 membros da empresa encargada da animación da festa.

No concurso teranse en conta, a orixinalidade, a vistosidade e a escenificación, valorándose en maior medida os disfraces de creación propia. Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

OITAVA:

A entrega de premios para todas as modalidades, realizarase unha vez rematado o concurso.

NOVENA:

O feito de participar no concurso de disfraces implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases.

Mándao e asina o Sr. Alcalde en Sobrado, na data que figura ao marxe e do que eu, Secretaria-interventora, dou fe.